


OS DETERMINANTES.



(Presta atención ás contraccións para facer ben estes exercicios)

CONTRACCIÓNS EN GALEGO

CONTRACCIÓNS DO ARTIGO

PREPO- SICIÓNS	ARTIGOS DETERMINADOS				ARTIGOS INDETERMINADOS			
	o	a	os	as	un	unha	uns	unhas
a	ao (ó)	á	aos(ós)	ás				
con	co	coa	cos	coas	cun	cunha	cuns	cunhas
de	do	da	dos	das	dun	dunha	duns	dunhas
en	no	na	nos	nas	nun	nunha	nuns	nunhas
por	polo	pola	polos	polas				

Observación: Ter en conta que **ao** debe pronunciarse como **o** e **aos**, como **os**.

Exemplo:

Olvidei as miñas lentes **na** mesa **do** salón **da** túa casa.

Puxeron unhas cortinas **cunha** cor moi rechamante.

CONTRACCIÓNS DOS DEMOSTRATIVOS

PREP	DEMOSTRATIVOS											
	este	ese	aquel	esta	esa	aquela	estes	eses	aqueles	estas	esas	aquelas
de	deste	dese	daquel	desta	desa	daquela	destes	deses	daqueles	destas	desas	daquelas
en	neste	nese	naquel	nesta	nesa	naquela	nestes	neses	naqueles	nestas	nesas	naquelas

Exemplo:

A foto **dese** libro non cabe **neste** marco.

CONTRACCIÓNS DOS INDEFINIDOS

PREP	INDEFINIDOS							
	algún	algunha	algúns	algunhas	outro	outra	outros	outras
de	dalgún	dalgunha	dalgúns	dalgunhas	doutro	doutra	doutros	doutras
en	nalgún	nalgunha	nalgúns	nalgunhas	noutro	noutra	noutros	noutras

Exemplo:

Dalgún de vós son as cores, non son **doutro** neno calquera.

1. Selecciona os artigos deste texto.

Querido Tomás.

Xa pasaron dez días dende a segunda carta que che escribín. Neste tempo foron moitas cousas as que me tiveron ocupada. O noso mestre de galego mandounos facer un traballo sobre os cinco tipos de determinantes e só me quedan dous días para entregalo. Tamén debo acabar nesa data o libro de Xosé Neira Vilas "Memorias dun Neno Labrego" e facer un resumo das cousas que máis me gustaron deste fantástico relato. Para colmo estamos de festa na aldea e non me dou concentrado nas miñas tarefas. Pola rúa pasou unha procesión cos gaiteiros da nosa escola municipal e a charanga daquel pobo tan bonito no que veraneamos cos teus pais, o que tiña aquelas praias tan longas. O conto é que con tanto ruído non vou dar rematado nin os meus traballos nin esta carta. Polo momento vouno deixar. Estou oíndo aos gaiteiros que se achegan de novo á miña rúa. Voulles pedir que me deixen tocar nunha das súas gaitas. Acabarei os meus traballos pola noite.

Un abrazo e ata pronto.

2. Agora selecciona os demostrativos.

Querido Tomás.

Xa pasaron dez días dende a segunda carta que che escribín. Neste tempo foron moitas cousas as que me tiveron ocupada. O noso mestre de galego mandounos facer un traballo sobre os cinco tipos de determinantes e só me quedan dous días para entregalo. Tamén debo acabar nesa data o libro de Xosé Neira Vilas "Memorias dun Neno Labrego" e facer un resumo das cousas que máis me gustaron deste fantástico relato. Para colmo estamos de festa na aldea e non me dou concentrado nas miñas tarefas. Pola rúa pasou unha procesión cos gaiteiros da nosa escola municipal e a charanga daquel pobo tan bonito no que veraneamos cos teus pais, o que tiña aquelas praias tan longas.

O conto é que con tanto ruído non vou dar rematado nin os meus traballos nin esta carta. Polo momento vouno deixar. Estou oíndo aos gaiteiros que se achegan de novo á miña rúa. Voulles pedir que me deixen tocar nunha das súas gaitas. Acabarei os meus traballos pola noite.

Un abrazo e ata pronto.

3. Agora selecciona os posesivos.

Querido Tomás.

Xa pasaron dez días dende a segunda carta que che escribín. Neste tempo foron moitas cousas as que me tiveron ocupada. O noso mestre de galego mandounos facer un traballo sobre os cinco tipos de determinantes e só me quedan dous días para entregalo. Tamén debo acabar nesa data o libro de Xosé Neira Vilas "Memorias dun Neno Labrego" e facer un resumo das cousas que máis me gustaron deste fantástico relato. Para colmo estamos de festa na aldea e non me dou concentrado nas miñas tarefas. Pola rúa pasou unha procesión cos gaiteiros da nosa escola municipal e a charanga daquel pobo tan bonito no que veraneamos cos teus pais, o que tiña aquelas praias tan longas. O conto é que con tanto ruído non vou dar rematado nin os meus traballos nin esta carta. Polo momento vouno deixar. Estou oíndo aos gaiteiros que se achegan de novo á miña rúa. Voulles pedir que me deixen tocar nunha das súas gaitas. Acabarei os meus traballos pola noite.

Un abrazo e ata pronto.

4. Agora selecciona os numerais.

Querido Tomás.

Xa pasaron dez días dende a segunda carta que che escribín. Neste tempo foron moitas cousas as que me tiveron ocupada. O noso mestre de galego

mandounos facer un traballo sobre os cinco tipos de determinantes e só me quedan dous días para entregalo. Tamén debo acabar nesa data o libro de Xosé Neira Vilas "Memorias dun Neno Labrego" e facer un resumo das cousas que máis me gustaron deste fantástico relato. Para colmo estamos de festa na aldea e non me dou concentrado nas miñas tarefas. Pola rúa pasou unha procesión cos gaiteiros da nosa escola municipal e a charanga daquel pobo tan bonito no que veraneamos cos teus pais, o que tiña aquelas praias tan longas. O conto é que con tanto ruído non vou dar rematado nin os meus traballos nin esta carta. Polo momento vouno deixar. Estou oíndo aos gaiteiros que se achegan de novo á miña rúa. Voulles pedir que me deixen tocar nunha das súas gaitas. Acabarei os meus traballos pola noite.

Un abrazo e ata pronto.

5. Para rematar, selecciona os indefinidos.

Querido Tomás.

Xa pasaron dez días dende a segunda carta que che escribín. Neste tempo foron moitas cousas as que me tiveron ocupada. O noso mestre de galego mandounos facer un traballo sobre os cinco tipos de determinantes e só me quedan dous días para entregalo. Tamén debo acabar nesa data o libro de Xosé Neira Vilas "Memorias dun Neno Labrego" e facer un resumo das cousas que máis me gustaron deste fantástico relato. Para colmo estamos de festa na aldea e non me dou concentrado nas miñas tarefas. Pola rúa pasou unha procesión cos gaiteiros da nosa escola municipal e a charanga daquel pobo tan bonito no que veraneamos cos teus pais, o que tiña aquelas praias tan longas. O conto é que con tanto ruído non vou dar rematado nin os meus traballos nin esta carta. Polo momento vouno deixar. Estou oíndo aos gaiteiros que se achegan de novo á miña rúa. Voulles pedir que me deixen tocar nunha das súas gaitas. Acabarei os meus traballos pola noite.